

Estudo de investigación

Inflúe a Lúa no número de nacementos.

O saber popular di que nacen máis nenos en Lúa chea. Ten razón ese saber popular? Unha mentira repetida un millón de veces non se fai verdade, pero un científico tampouco pode desbotar unha afirmación sen ter probas de que é falsa. Pódese comprobar se esta afirmación é certa?



1. Analizamos os recursos dos que dispoñemos e o problema.

Existen en internet [calendarios lunares](#) que nos permiten saber que fase da Lúa había en calquera día pasado. Por outra banda, todos os rexistros civís, e todas as parroquias, gardan información sobre o número de nacementos. Combinando ambos os datos podemos analizar ao longo de varios meses, ou no mesmo mes de diferentes anos, se é certo que nacen máis nenos en Lúa chea.

2. Buscamos información.

Hai algún estudo sobre o tema? Existe algún motivo polo que a Lúa poida influír no número de nacementos.

3. Propoñemos unha hipótese de traballo.

Agora xa podemos propor unha hipótese de traballo, unha posible resposta á pregunta inicial.

4. Realizamos un deseño de investigación.

Para ter moitos datos de nacementos no mesmo ciclo lunar é mellor buscar datos de persoas que naceran en España entre os anos 1950 e 1970. Nesta época houbo moitos máis nacementos e a mostra de traballo será maior.

Tamén é importante poñer un número mínimo de nacementos por ciclo lunar, 300 por exemplo. Con menos datos podemos ter falsos resultados.

Tendo en conta que imos contar con moitos datos tamén debemos decidir cantos ciclos lunares empregaremos. Cantos máis usemos máis seguro será o resultado. A cantidade de datos recollidos obriga a ser moi coidadosos co tratamento destes. A mellor forma de facelo é empregar unha folla de cálculo na que introduzamos todos os datos a tratar. Unha vez clasificados os nacementos por data e fase, o traballo será sinxelo.

5. Resultados da nosa investigación.

Analizaremos os datos para confirmar ou non a nosa hipótese de traballo.

6. Redactamos un artigo co traballo realizado. (Tes máis información no apartado do método experimental)

7. Expoñemos en clase o traballo de investigación.

Este deseño do proxecto de investigación non é máis que unha proposta.

Na túa man está modificalo para facelo o teu proxecto.